

GUÍA EXPRÉS






Cruzar as Vías

Seguridade en espazos ferroviarios para
NENAS E NENOS

Ideas para estar seguro nos espazos onde hai trens:

- Se as portas do tren están pechando: **para, espera e colle o seguinte.**
- Mantente **detrás da liña amarela da plataforma** ata que o tren estea completamente detido.
- Nas estacións e noutros espazos onde hai trens, camiña, nonurras nunca. **Non é un sitio para xogar.**
- As vías do tren **só se poden cruzar polos pasos autorizados.**
- Fica **atento** ás mensaxes informativas e de advertencia.



Por onde hai que cruzar?

- Nas estacións e nos espazos onde hai trens hai **pasos autorizados para poder cruzar as vías** con seguridade: pasos superiores e pasos inferiores.
- Nos casos nos que non haxa outra opción para cruzar, pode haber **cruzamentos entre plataformas e pasos a nivel.**
- Nos cruzamentos entre plataformas e pasos a nivel: **para, mira para ambos os lados, escoita e pensa: "É SEGURO CRUZAR?"**.
- Fai caso aos **sinais luminosos e sonoros.**




Cousas interesantes sobre os trens



OS TRENS VAN MOI RÁPIDO


Algúns trens poden alcanzar unha **velocidade de 300 km/h**.



OS TRENS PESAN MOITO

Algúns trens poden pesar **320 toneladas**, o que equivale a **43 elefantes**.

OS TRENS TARDAN MOITO EN FREAR



X 10

Os trens precisan **moita distancia** para **frearen** totalmente, porque van **moi rápido** e **pesan moito**.



A distancia de freada dun tren que vai a 160 km/h é duns **1.000 metros**, como **10 campos de fútbol**.

Mantente alerta!

-  Os trens son moi grandes e parece que van máis amodo de como realmente van.
-  Os trens non poden xirar, nin cambiar de dirección.
-  Os trens poden vir de calquera dirección, de calquera vía e en calquera momento.



PARA, MIRA, ESCOITA, VIVE!



Cruzar as Vías

Elaboración técnica:



Secretaría Técnica:
FUNDACIÓN DE LOS
FERROCARRILES
ESPAÑOLES



AGENCIA ESTATAL
DE SEGURIDAD FERROVIARIA